



galicia

XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R./Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

RESOLUCIÓN DO 3 DE XANEIRO DE 2018 DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS E QUE NON FORON EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE CARRIL

ANTECEDENTES

Primeiro. Pola Resolución do 25 de maio de 2017 da xefa territorial da consellería do Mar en Vigo publicanse as listas definitivas de persoas aspirantes seleccionadas e non seleccionadas no proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Confraría de pescadores de Carril.

Segundo. Na ficha do plan de explotación aprobado pola Orde 22 de decembro de 2017 pola que se aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018 autorízase a cobertura de 7 prazas vacantes ata chegar ao número máximo autorizado (87) mediante o emprego da lista de reserva vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.



XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

Segundo. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.


Terceiro. De acordo co disposto na ficha do plan de explotación aprobado pola Orde 22 de decembro de 2017 pola que se aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018 autorízase a cobertura de sete (7) prazas vacantes ata chegar ao número máximo autorizado (87) mediante o emprego da lista de reserva vixente.

Cuarto. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, tendo en conta a conformidade da agrupación sectorial e o disposto no plan aprobado, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

Autorizar o emprego da lista de reserva e publicar o nome das sete (7) persoas seleccionadas para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría de Carril:



XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

APELIDOS E NOME	D.N.I.
CORES FERNÁNDEZ, DIANA	35480316X
CALVO ACOSTA, SILVIA M. ^a	35459408D
MUÑIZ ABALO, GUILLERMO VENTURA	35460919W
LANDÍN MANEIRO, FRANCISCO JOSÉ	35473512Z
GÓMEZ FIGUEIRA, JOSÉ	33255524P
AROSA GRANDAL, ENRIQUE	44076459H
GARCÍA BELLO, M. ^a SAGRARIO	35468048R

As persoas seleccionadas deberá acreditar no prazo de quince (15) días hábiles, que se contará dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para obter o permiso de explotación; de non facerse así neste prazo, entenderase que decaen do seu dereito. Deben presentar a seguinte documentación:

- Certificado que acredite que está empadroado nun municipio do litoral de Galicia. Non será necesario no caso de telo presentado coa solicitude ou ter asinado a autorización para consulta deste dato.
- Certificado da Seguridade Social que acredite que non é perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares. Non será necesario se na solicitude asinou a autorización para consulta destes datos.
- Certificado que acredite que non é perceptor da renda de integración social de Galicia (RISGA). Non será necesario se na solicitude asinou a autorización para consulta destes datos.

De ser perceptor da renda de integración social de Galicia, deberá achegar un documento de renuncia a esta renda que se fará efectiva no momento da concesión do permiso de explotación.



XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030


d) Informe médico que indique que non está incapacitado para exercer os labores de marisqueo.

e) Fotocopia compulsada do certificado de mariscador. Non será necesario se na solicitude asinou a autorización para consulta destes datos.

f) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

- 3 XAN. 2018



Carmen de Benito Caula